



A infancia: unha prioridade para as axendas locais

Introducción

Os nenos, nenas e adolescentes (NNA) requiren dunha atención especial, e como tal, precísase dun maior esforzo para o cumprimento dos seus dereitos. Estes dereitos estipúlanse na Convención sobre os Dereitos do Neno, asinada o 20 de novembro do ano 1989 polas Nacións Unidas.

Esta Convención ao longo dos seus 54 artigos recoñece que os nenos, nenas e adolescentes teñen pleno dereito ao desenvolvemento físico, mental e social, ademais de a expresar libremente as súas opinións. Enfatiza que os NNA teñen os mesmos dereitos que os adultos e subliña aqueles dereitos que se desprenden da súa especial condición de seres humanos, os cales por non alcanzar o pleno desenvolvemento físico e mental, requiren dunha protección especial.

Deste modo, a sociedade incrementou o seu sentimento cara a necesidade de responsabilizarse e actuar a prol do benestar da infancia, favorecendo a participación nos procesos de participación dos/as mesmos/as.

Ante as próximas eleccións municipais o 28 de maio, os partidos políticos non poden obviar á infancia nos seus compromisos. Por iso, a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia presenta 38 propostas de política local que todos os partidos políticos deberían considerar como un compromiso cos nenos, nenas e adolescentes, considerando que se debe de integrar a perspectiva de equidade en todas as políticas, para que todas as NNA crezan nunha sociedade máis xusta e cohesionada que diminúa a brecha existente.

Quen somos

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG), é una plataforma territorial enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia estatal.

Constituíuse o 11 de abril de 2018, coa misión de auñar os esforzos das entidades que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno no territorio galego.

Así mesmo, a POIG centra os seus esforzos na mellora da situación dos máis pequenos, especialmente de aqueles que sofren a discriminación, o desamparo ou se atopan en risco de exclusión social.

É unha asociación conformada por 37 entidades da comunidade, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais a favor do bo trato á infancia e adolescencia en Galicia, para protexer e promover os seus dereitos fundamentais. O seu interese é incrementar o benestar da infancia, denunciar e facer seguimento das situación que vulneren os dereitos das persoas menores de idade.

PROPOSTAS

- 1 Estructura organizativa
- 2 Loita contra a pobreza e a exclusión
- 3 Saúde
- 4 Atención temperá
- 5 Prevención e protección
- 6 Educación
- 7 Violencia contra a infancia
- 8 Participación infantil

1

Estructura organizativa

É importante a consolidación de estruturas organizativas que creen e den seguimento as accións á infancia e adolescencia a nivel municipal, plans que dean coherencia a todas as súas políticas, programas e servizos desde unha perspectiva de cumprimento dos seus dereitos e que estableza prioridades e metas medibles e temporalizadas baseadas nas necesidades específicas deste grupo de idade. Dito plan debe ir acompañado dun orzamento axeitado para a súa execución e partir dun diagnóstico que permita coñecer a situación de partida.

Por iso, solicitamos:

- Creación dunha Concellería de Infancia e Xuventude que promova a elaboración dun plan integral a nivel municipal con orzamento axeitado desde unha perspectiva de cumprimento de dereitos de infancia.

2

Loita contra a pobreza e a exclusión

O impacto da pobreza infantil é un problema estrutural que afecta especialmente a NNA de familias de baixos recursos, migrantes e monomarentais, de centros de protección, etnia xitana e con discapacidade. É importante que a nivel local ofrézase resposta para reducir o impacto da pobreza infantil e xuvenil e previla sempre que sexa posible.

Respecto á taxa AROPE, para o ano 2021 as cifras máis elevadas corresponden con NNA, alcanzando o 34%, case nove puntos sobre a que rexistran as persoas adultas e quince por enriba da media do grupo de maiores. Trátase do maior incremento entre franxas de idade.

Un dos maiores impedimentos para que estas familias con NNA saian da situación de pobreza na que se atopan, é o acceso á unha vivenda digna. Os fogares con NNA son máis propensos a ter un maior gasto, de igual forma o espazo da vivenda afecta con máis intensidade a esta tipoloxía de fogares.

O seu elevado gasto obriga a moitas familias en esta situación a priorizar gastos, impedindo o éxito das medidas de inclusión social. É imprescindible que estas familias conten cos apoios suficientes neste eido, para facilitar o acceso a unha vivenda digna, adecuada e accesible.

Por iso, propoñemos:

- Garantir que as familias migrantes con baixos recursos con NNA a cargo conten co apoio administrativo e económico, para paliar a desigualdade a nivel adquisitivo.
- Brindar os apoios sociais e económicos precisos ás familias monomarentais mediante medidas correctoras da desigualdade que sofren.
- Garantir o acceso a unha vivenda digna ás familias con nenos, nenas e adolescentes, mediante arrendos accesibles, ou mediante facilitar o seu acceso a axudas para a vivenda, facéndoos compatibles con outras axudas sociais e con medidas específicas para os casos de extrema pobreza como é o chabolismo e a infravivenda.



Saúde

É preciso reforzar o acceso a servizos esenciais non cubertos de forma xeral, como é o caso da saúde mental e bucodental, desenvolvendo programas que permitan o acceso a estes servizos alo menos aos NNA en situación de vulnerabilidade.

Segundo a OMS, a depresión, a ansiedade e os trastornos do comportamento atópanse entre as principais causas de enfermidade e discapacidade nos adolescentes, e o suicidio é a segunda causa de defunción entre os 15 e os 19 anos. A metade de todos os trastornos de saúde mental na vida adulta comezan antes dos 14 anos, pero na maioría dos casos non son detectados nin tratados, o que conleva ao agravamento e a cronificación das patoloxías e dificulta enormemente unha inclusión real e efectiva.

Moitos son os factores que inciden no benestar e a saúde mental dos NNA. A exposición á adversidade, a violencia, a pobreza, a estigmatización, a exclusión e a vida en contornas fráxiles poden aumentar o risco de que xurdan problemas de saúde mental.

O feito de non ocuparse dos trastornos de saúde mental dos NNA ten consecuencias que se estenden á vida adulta, prexudican a saúde física e mental da persoa e restrinxen as súas posibilidades de levar unha vida plena e en igualdade de oportunidades.

O cultivo das aptitudes socioemocionais dos NNA e o feito de proporcionarlles apoio psicosocial na escola e outros espazos comunitarios pode axudar a promover un bo estado de saúde mental. Tamén son importantes os programas que axudan a reforzar o vínculo entre os NNA e as súas familias e a mellorar a calidade da súa contorna doméstica.

Se falamos de saúde bucodental, como analizou a Plataforma de Infancia o 17,5% dos NNA no quintil máis baixo de renda non poden acceder ao dentista por razóns económicas. Esta cobertura pública resulta insuficiente e crea situación de agravio na poboación que require de certas políticas de inclusión, como é o colectivo de infancia e adolescencia socialmente vulnerable.

Por iso, solicitamos:

- Facilitar o diagnóstico precoz e a atención temperá e establecer unha cultura de coidado da saúde mental na comunidade. Para o que se necesitará “formación específica” do: profesorado; equipos de orientación, familias, alumnado, profesionais de servizos sociais e dos equipos de Atención Primaria, especialmente pediatría.
- Plans municipais de saúde mental coa dotación orzamentaria suficiente. A situación de desbordamento a nivel autonómico en saúde mental é tan grave que en algúns concellos elaboran os seus propios plan municipais de actuación.
- Axudas económicas dirixidas a intervencións terapéuticas non cubertas polo servizo autonómico de saúde para NNA con necesidades de saúde mental.
- Establecer as medidas necesarias para contribuir á detección precoz das problemáticas de saúde mental na infancia e adolescencia mediante campañas de información e sensibilización dirixidas a nais, pais e aducadores sobre as bases do benestar emocional o os síntomas de detección e alarma.
- Cumprir co establecido no recente protocolo de prevención do suicidio da Xunta de Galicia, no ámbito infanto-xuvenil, dun tempo máximo de espera de 7 días para os casos graves. O cal implica reforzar os equipos das Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, e estender ata os 21 anos a idade de atención.
- Axudas específicas para o ámbito da saúde bucodental nos NNA de baixos recursos.

4

Atención temperá

Precísase dunha rede de servizos que chegue aos 313 concellos de Galicia e que permita a conciliación con outros intereses do neno e da familia (domésticos, laborais, educativos e comunitarios); que fortaleza o sentimento de pertenza e a sinerxía dos recursos.

Unha rede de servizos que dea seguridade ás familias e ás institucións. Unha rede que, xunto con outras medidas, faga de Galicia unha sociedade de vangarda e que dea o mellor de si á súa infancia.

Neste sentido, é importante:

- Financiar de forma estable e suficiente a Rede de Servizos Comunitarios Específicos de Atención Temperá e estendela a todos os Concellos de Galicia para garantir o acceso a unha atención temperá universal, de balde, próxima, estable, integral e de calidade para toda a infancia que o necesite e ás súas familias, de maneira que se proveñan os servizos e recursos necesarios independentemente do lugar onde residan.

5

Prevención e protección

Existe unhanimidade entre os/as expertos/as á hora de considerar que a familia é o espacio natural da persoa e o medio idóneo para o seu crecemento e benestar, especialmente no caso da infancia e adolescencia.

Todas as NNA teñen dereito a crecer en familia. Por iso, é preciso avanzar nun sistema de protección que garanta os dereitos da infancia e adolescencia máis vulnerable, evitando a entrada no sistema de protección sempre que sexa posible e se establezan as mellores condicións.

A lexislación galega e estatal en materia de protección á infancia establece como primeira medida de protección o apoio ás familias de NNA para evitar a súa desprotección.

A nivel municipal pódense establecer accións de apoio ás familias con fillos/as a cargo que se atopan en risco, facilitándolle os apoios precisos para que consigan un ambiente propicio para os seus fillos e fillas e que a entrada no sistema de protección non se chegue a dar.

Sendo o municipio o primeiro chanzo para a prevención e a protección das familias, urxe cumprir a nivel municipal coas responsabilidades que emanan da ORDE de 22 de xaneiro de 2009 (1) pola que se regula o servizo de axuda a domicilio.

O acollemento familiar é un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos e nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de nenos, nenas e adolescentes cuxos pais, por circunstancias persoais ou sociais, non poden facerse cargo deles e pasan a ser gardados ou tutelados pola administración.

A retirada da tutela aos pais biolóxicos pode ser por un período de tempo temporal ou permanente. A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia (2) recolle os dereitos dos acolledores familiares, sinalando a obrigatoriedade de facilitar ao menor acollido as mesmas condicións que á filla/o biolóxica/o s ou adoptado/a, co fin de facer uso de dereitos ou obrigas familiares durante o tempo que a persoa menor conviva con eles. Así mesmo dispón que a familia acolledora terá os mesmos dereitos que a administración recoñece ao resto de unidades familiares.

As administracións locais deben implementar proxectos de prevención nos que as familias biolóxicas poidan contar co apoio do acollemento familiar como recurso previo á retirada das crianzas do seu entorno, tal e como se recolle na lei Galega de Servizos Sociais, e incluso a participar activamente na reintegración familiar da crianza coa súa familia biolóxica porporcionándolle un entorno de protección neste proceso.

Para iso, propoñemos:

- Establecer accións de apoio ás familias con fillos/as a cargo que se atopan en situación de risco, para conseguir un ambiente propicio que evite a separación dos fillos e fillas, sempre que sexa favorecedor para os NNA, evitando a entrada no sistema de protección.
- Ordenar e actualizar a normativa municipal para establecer a equiparación real para todos os efectos administrativos aos NNA en acollemento en calquera das súas modalidades (temporal, permanente ou de urxencia) á condición de fillo/a durante o tempo que se atope baixo acollemento familiar, accionando medidas que as apoiem positivamente.
- Incorporar o item de familia acolledora ou crianza en acollida, nos impresos en todas as áreas da xestión do órgano de Goberno local.
- Considerar ás familias acolledoras de especial protección, aplicando medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.

- Valorar a realización dunha formación básica para o persoal e equipo de goberno do Concello en materia de protección de infancia.
- Elaboración dun rexistro municipal de familias acolledoras, que permita elaborar e implementar proxectos de innovación para situacións de prevención e reintegración.

6

Educación

Os municipios deben de comprometerse a incrementar a inversión económica nas políticas destinadas á infancia e adolescencia baixo unha perspectiva de equidade que diminúa a brecha existente amosada pola falta de apoios educativos e recursos tecnolóxicos existentes, facendo fincapé nos nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables.

Se falamos de acceso a unha alimentación adecuada, segundo Educo o 14,9% dos NNA de Galicia non pode permitirse comer carne, polo ou pescado cada dous días.

Pola falta de resolucións de becas comedor antes do inicio do curso, as familias de baixos recursos, non poden iniciar o curso levando os fillos e fillas ao comedor, o cal repercute na conciliación familiar, na procura de emprego que mellore a súa situación e alimentación dos NNA.

Por outra banda o baixo nivel adquisitivo dalgunhas familias fai que moitas delas non conten coa capacidade adquisitiva suficiente para acceder aos libros de texto obrigatorios para que as súas fillas e fillos poidan estudar en igualdade de condicións.

Por iso, é importante avanzar en:

- Facilitar os medios tecnolóxicos e a conexión a internet a NNA de familias en risco de exclusión ou con baixos recursos, ademais de apoiar aos NNA para un uso seguro, crítico e responsable de internet.
- Reforzar os mecanismos para que todas as familias sexan coñecedoras dos programas de becas comedor e poidan ter acceso a estes.
- Asegurar a gratuidade do comedor para nenas e nenos en situación de pobreza extrema.

(1) A ORDE do 22 de xaneiro estipula que “o servizo de axuda a domicilio estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De modo particular, o servizo atenderá (...), así como en fogares con persoas menores de idade nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión”.

(2) A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia Introduce un novo artigo 20 bis á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de maneira que no seu apartado 1) recolle os dereitos dos acolledores familiares.

- Acelerar a tramitación e resolución das becas comedor para evitar prexuízos ás familias.
- Apoiar na adquisición de libros texto ás familias con NNA con baixos recursos onde non chegue a administración autonómicas.
- Facilitar as familias, dentro dos colexios públicos, medidas de conciliación.
- Mellora e incremento de recursos nos centros educativos públicos do ámbito rural para paliar a fuga de familias a centros privados ou a lugares máis poboados.
- Dotación orzamentaria suficiente para alcanzar a mellora da calidade na etapa educativa 0-3.
- Creación de programas de apoio para a parentalidade, con especial atención ás familias en situación de vulnerabilidade.
- Campañas de sensibilización sobre os beneficios da educación de 0 a 3 anos na defensa da importancia desta etapa para o desenvolvemento e a aprendizaxe ao longo da vida.

7

Violencia contra a infancia

A Convención sobre os Dereitos do Neno apunta á relevancia que ten o ámbito municipal, principalmente na prevención, pero tamén na sensibilización e a prestación de determinados servizos que contribúen á erradicación da violencia contra a infancia.

Para protexer mellor á infancia é necesario descentralizar e derivar funcións aos gobernos locais. Neste sentido o Comité dos Dereitos do Neno, na súa Observación Xeral nº 5, recomenda a descentralización.

Adicionalmente a Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e Adolescencia (LOPVI), céntrase na prevención, para a cal débese dar resposta desde todos os niveis de goberno.

Por iso, propoñemos:

- Promover plans locais de protección e bo trato á infancia e adolescencia onde se plasme unha estratexia participada e multiactor co fin de traballar para a consecución de espazos e contornas protectoras que den resposta ás distintas ameazas que sofren nenas, nenos e adolescentes.
- Apoiar os esforzos para previr a violencia no fogar como medio para evitar a violencia na comunidade, traballar moi de preto coas familias, apoiar programas que axuden a nenos e nenas a permanecer na escola ou participar en programas de formación non formal.

- Promover normas sociais que fagan énfases no respecto e a non violencia e en reducir os factores de risco na contorna física urbanística.
- Dispor de profesionais e equipos de intervención familiar e na infancia e adolescencia especialmente adestrados/as na detección precoz, valoración e intervención fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade.
- Fomentar unha cultura de protección organizacional en todas as entidades e institucións en contacto con infancia e adolescencia.
- Facilitar programas formativos aos distintos profesionais en contacto coa infancia para a mellora da prevención e detección da violencia.
- Promover campañas de sensibilización á cidadanía para a tolerancia cero de todo tipo de violencias cara á infancia e adolescencia.
- Motivar espazos de coordinación entre os distintos actores e protocolos de actuación para a mellora da prevención, detección e reparación das situacións de violencia.
- Habilitar sistemas de recollida de datos que permitan coñecer o alcance real da problemática da violencia cara a infancia e adolescencia no municipio e para, en consecuencia, poder deseñar as políticas oportunas para dar resposta a situación.



Participación infantil

Os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a opinar sobre os temas que lles afectan, tal e como recolle a Convención sobre os Dereitos do Neno e a Observación Xeral número 12 respecto diso.

É especialmente relevante que existan espazos de interlocución e habilitar mecanismos de participación infantil, adaptados aos nenos e nenas, naqueles espazos onde se tomen decisións que lles afectan, tales como espazos estables para escoitar e ter en conta as experiencias, necesidades, intereses e propostas dos nenos, nenas e adolescentes nos procesos de toma de decisións.

Por iso, solicitamos:

- Establecer e potenciar a creación de Consellos de Infancia locais para canalizar a opinión da infancia e adolescencia nas decisións que lles afecten.
- Fomentar mecanismos de consulta, que sexan realmente participativos, e que teñan en conta os espazos de participación infantil existentes.



plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



www.infanciagalicia.org